

## MISA CON NENOS

25 de febreiro de 2018 - Coresma 2º-B

Evanxeo de Marcos 9,1-9: "Este é meu Fillo, escoitádeo"

Mensaxe: 40 días CAMIÑANDO: 2ª etapa: Subida ao TABOR.

**ESCÓITAO!** Descarga a súa Palabra no teu corazón.



**40 días CAMIÑANDO: Subida ao TABOR.**

**ESCÓITAO!** Descarga a súa Palabra no teu corazón.

# 1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Benvidos a celebrar a Eucaristía. Seguimos preparándonos para celebrar ben a morte e resurrección de Xesús. Neste 2º domingo de Coresma, Xesús sobe con Pedro, Santiago e Xoán ao monte Tabor onde se transfigura diante deles. Xesús quere dicirnos que atoparnos con el na oración é o máis importante, que quere acompañarnos nas dificultades e cruces da vida e que hai que vivir o que celebramos no seu templo cada domingo. Que hoxe e agora nos sintamos con Xesús no Tabor da Eucaristía e que acollamos as palabras do Pai: *“Este é meu fillo, o meu amado, escoitádeo”*.

*(Poderíanse colocar no presbiterio biblias diferentes, o cartel do camiño cara á Pascua de Fano cunha frase: “40 días camiñando: 2ª etapa, subida ao Tabor. Escóitao”)*


## - 2. PERDÓN

*(Sacerdote) Antes de compartir a Palabra e o Pan, recoñecemos con humildade que necesitamos o perdón de Deus e dos irmáns.*

*-(Posible... pai-nai) Ti que coñeces a dureza do noso corazón, que estamos necesitados de conversión. Señor, ten piedade de nós.*

*-(Posible... catequista) Ti que queres acompañarnos e darnos fortaleza nas cruces e dificultades da vida. Cristo, ten piedade de nós.*

*-(Posible... neno-nena) Ti que coñeces a nosa falta de oración, de escoita da túa Palabra. Señor, ten piedade de nós.*



## 3.- PALABRA DE DEUS

### MONICIÓN ÁS LECTURAS

A 1ª lectura segue mostrándonos os momentos principais da historia do pobo de Deus, en clave de alianza ou pacto que Deus fai co seu pobo. Hoxe escoitamos a alianza de Deus con Abrahán, o home sempre fiel a Deus, o pai dos crentes. San Paulo recórdanos que Xesucristo nos trouxo a salvación e a vida para sempre. E no evanxeo da transfiguración descubrimos en Xesús toda a luz, toda a grandeza e toda a forza de Deus. Acheguémonos a el e sigámolo.

## LECTURAS

- **Xénese 22: *O sacrificio de Abrahán***

Naqueles días, Deus puxo a proba a Abrahán. Díxolle: «*Abrahán!*». El respondeu: «*Aquí estou*». Deus díxolle: «*Toma o teu fillo único, ao que amas, a Isaac, e vaite á terra de Moriah e ofrécemo alí en holocausto nun dos montes que eu che indicarei*». Cando chegaron ao sitio que lle indicara Deus, Abrahán levantou alí o altar e amoreou a leña. Entón Abrahán alargou a man e tomou o coitelo para degolar o seu fillo. Pero o anxo do Señor gritoulle desde o ceo: «*Abrahán, Abrahán!*». El contestou: «*Aquí estou*». O anxo ordenoulle: «*Non alargues a man contra o rapaz nin lle fagas nada. Agora comprobei que temes a Deus, porque non te reservaches o teu fillo, o teu único fillo*». Abrahán levantou os ollos e viu un carneiro enredado polos cornos na maleza. Achegouse, tomou o carneiro e ofreceuno en holocausto en lugar do seu fillo. O anxo do Señor chamou a Abrahán por segunda vez desde o ceo e díxolle: «*Xuro por min mesmo, oráculo do Señor: por facer isto, por non terte reservado o teu fillo, o teu fillo único, **ateigareite de bendicións e multiplicarei os teus descendentes como as estrelas do ceo e como a area da praia. Os teus descendentes conquistarán as portas dos seus inimigos. Todas as nacións da terra bendiranse coa túa descendencia, porque escoitaches a miña voz***». Palabra do Señor.

- **Salmo 115:**

*R/-Camiñarei na presenza do Señor no país dos vivos.*

- **Romanos 8, 31b-34: Deus non se reservou seu propio Fillo.**

- **Marcos 9, 2-10: Este é meu fillo, o amado.**

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús tomou consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán, subiu separadamente con eles sos a un monte alto, e transfigurouse diante deles. Os seus vestidos volvéronse dun branco resplandecente, como non pode deixalos ningún bataneiro do mundo. Aparecéronselles Elías e Moisés, conversando con Xesús. Entón Pedro tomou a palabra e dixo a Xesús:

**Pedro:** -«Mestre, que bo é que esteamos aquí! Imos facer tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías».

**Narrador:** Non sabía que dicir, pois estaban asustados. Formouse unha nube que os cubriu e saíu unha voz da nube:

**Voz:** -«*Este é meu Fillo, o amado; escoitádeo*».

**Narrador:** De súpeto, ao mirar ao redor, non viron a ninguén máis que a Xesús, só con eles. Cando baixaban do monte, ordenoulles que non contasen a ninguén que viran ata que o Fillo do home resucitase de entre os mortos. Isto quedóuselles gravado e discutían que quería dicir aquilo de resucitar de entre os mortos. *Palabra do Señor.*

*(Narrador-Pedro-Voz).*

#### 4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

*(Sacerdote) Coa confianza propia de fillos, presentemos as nosas necesidades e súplicas ao Deus o noso Pai.*

**R.-Señor, ensínanos a orar.**

1.- Para que a Igrexa nos axude a atoparnos con Cristo. **Oremos.**

2.- Para que nas familias se escoite a Palabra de Deus e xuntos o domingo participemos na Eucaristía. **Oremos.**

3.- Para que valoremos máis o crecemento do espírito, estar co Señor, visítalo e alimentarnos co seu Pan. **Oremos.**

4.- Para que a Palabra de Deus ilumine a nosa vida, oriente os nosos actos e fortaleza o noso espírito. **Oremos.**

5.- Para que saibamos mirar as cruces da vida con esperanza, con fe, seguros da vitoria final. **Oremos.**

6.- Para que os que escoitamos a Deus cada domingo na eucaristía saiamos ilusionados por ser as súas testemuñas tamén na vida diaria. **Oremos.**

7.-Para que os mozos poidan atopar traballos que lles permitan vivir, e ninguén deba temer polo futuro. **Oremos.**

*(Sacerdote) Confiamos, Señor, que as nosas vidas están nas túas mans e que o teu Fillo amado camiña ao noso lado. E vive e reina polos séculos dos séculos. Amén.*

## 5. POSIBLE PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

### **-BIBLIA OU LIBRO DE ORACIÓNS:**

Xesús, o máis importante da nosa vida é estar contigo, crecer en amizade contigo, orar. Ao presentarche esta Biblia queremos expresar o noso desexo de escoitar con atención a túa Palabra na familia, nos momentos de silencio, na eucaristía, para coñecerte mellor e amarte máis.

### **-A CRUZ:**

No monte da transfiguración ensínasnos que temos que aprender a mirar as cruces da vida con fe, sabéndonos acompañados por ti. Ao ofrecerche esta cruz queremos recordar a todos aqueles que sofren ou están pasándoo mal, que confíen en ti, que sintan o teu apoio, a túa forza e que nós non lles fallemos nunca.

### **-PAN E VIÑO:**

A través do pan e do viño ti séguese transfigurando e séguese facendo presente nas nosas vidas, sendo para nós, luz, forza, palabra e alimento. Grazas por ser eucaristía e salvación.

## 6. SUXESTIÓNS:

-Tal como indica Fano nos seus debuxos para a Coresma 2018 pódese facer un cartel grande que se vai coloreando todas as semanas e engadíndolle bocardillos:

[https://drive.google.com/drive/folders/1BKkLFB2h9ekmy8uhhn5\\_sw1BnpcJpqVg](https://drive.google.com/drive/folders/1BKkLFB2h9ekmy8uhhn5_sw1BnpcJpqVg)

-Seguimos cantando con xestos a canción Corenta días camiñando do Grupo Ixcis: <https://www.youtube.com/watch?v=WiSWRZkem5Q>

-Enviade aos vosos compañeiros por wassap o debuxo do lado.



-Podemos preparar unha lámpada para cada neno, dámosllelas apagadas e eles lévanas para un lugar arriba onde llelas imos acendendo e colócanas á vez que alguén le: “Con estas lámpadas queremos expresar a nosa ledicia porque Xesús se fixo luz para a nosa vida, a nosa esperanza. Sabemos que un día nos encheremos de luz porque seremos totalmente fillos de Deus”.

-Poderíamos encher o presbiterio de Biblias distintas e un pergamiño cunha inscrición: “Escoitádeo” e dialogamos. Deus mándanos escoitar a Xesús, facerlle caso. “En que temos que facerlle caso.



## Posible acción de grazas

### *Que bo é estar contigo, Señor*

**Señor, hoxe viñemos a escoitarte** ao monte da oración e da Eucaristía pois sabemos que somos os fillos amados de Deus e que queres encher as nosas mochilas de luz, de forza, para afrontar as cruces da vida sentíndonos acompañados por ti, como Abrahán, como Pedro, Santiago e Juan. E dicímosche co poeta:

Que bo é estar aquí en silencio sentindo a túa presenza nada máis, saber que eu te miro e ti me miras, saber que ti me entendes sen falar.  
Por que non renunciemos ao orgullo, que pecha as nosas almas diante túa, inútil pretensión de facelo todo, se ao final hai que aprender a recibir?  
Que bo é estar mirándote, Señor, e só con mirarte descansar!  
Que suave a harmonía que nos chega se abrimos os nosos corazóns á túa luz, se alí onde terminan as nosas forzas seguimos recordando que estás ti!  
Que bo este silencio que nos une a todo o creado e nos dá paz..., así como sentindo o infinito abrazo orixinal da túa amizade!

**RED CATEQUISTAS GALICIA**